



ORDENANZA FISCAL REGULADORA DO IMPOSTO SOBRE BENS INMOBLES URBÁNS, RÚSTICOS E DE CARACTERÍSTICAS ESPECIAS

Artigo 1º.- Natureza e feito imponible

O imposto sobre bens inmobles é un tributo directo de carácter real que grava o valor dos bens inmobles nos termos establecidos na Lei 39/1988, reguladora das facendas locais, Lei 51/2002, do 27 de decembro, de reforma da Lei 39/1988, Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e a Lei 48/2002, do 23 de decembro, de catastro inmobiliario.

Constitúe o feito imponible do imposto a titularidade dos seguintes dereitos sobre os bens inmobles rústicos e urbanos e sobre os inmobles de características especiais:

- a) Dunha concesión administrativa sobre os propios inmobles ou sobre os servizos públicos ós que estean afectos.
- b) Dun dereito real de superficie.
- c) Do dereito de propiedade.

A realización do feito imponible, que corresponda de entre os definidos no apartado anterior pola orde establecida nel, determinará a non suxeición dos inmobles ás restantes modalidades nel previstas.

Para os efectos deste imposto terán a consideración de bens inmobles rústicos, de bens inmobles urbanos e de bens inmobles de características especiais os definidos como tales nas normas reguladoras do catastro inmobiliario, en particular, o disposto no artigo 21 da Lei 48/2002, do 23 de decembro.

Artigo 2º.- Suxeitos pasivos.

Son suxeitos pasivos, a título de contribuíntes, as persoas naturais e xurídicas e as entidades ás que se refiren os artigos 35 e 36 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, que ostenten a titularidade do dereito que, en cada caso, sexa constitutivo do feito imponible deste imposto.

No suposto de concorrencia de varios concesionarios sobre un mesmo inmovle de características especiais, será substituído do contribuínte o que deba satisfacer o maior canon.

Artigo 3º.- Base imponible.

A base imponible deste imposto está constituída polo valor catastral dos bens inmobles.

Artigo 4º.- Base liquidable

A base liquidable deste imposto será o resultado de practicar na base imponible as reducións legais que, se é o caso, sexan de aplicación.



Artigo 5º.- Exencións e bonificacións

Á vista da facultade outorgada polo apartado 4º do artigo 62 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, decláranse exentos os recibos correspondentes a inmobles rústicos e urbanos e de bens inmobles de características especiais cunha cota líquida que non supere a cantidade de 6,00 euros. A aplicación desta exención realizarase para os bens de natureza rústica unha vez aplicado o recollido no artigo 8 apartado 3 desta ordenanza.

Terán dereito a unha bonificación do 50% na cota do imposto de bens inmobles, os inmobles que constitúan o obxecto da actividade das empresas de urbanización, construción e promoción inmobiliaria, nos termos e coas condicións establecidas no artigo 73.1 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

Para o goce deste beneficio, os interesados deberán acreditarlo cumprimento dos requisitos establecidos, achegando a seguinte documentación:

- Certificado do técnico director da obra, no que se especifique a data de inicio, visado polo colexio profesional correspondente.
- Certificado do técnico director da obra, no que se especifique a súa data de finalización, visado polo colexio profesional correspondente, no caso de que esta finalizara.
- Copia da licenza municipal de obras.
- Acordo catastral ou último recibo do imposto de bens inmobles, nos que se acredite a titularidade do inmovible.
- Alta ou último recibo pagado do imposto de actividades económicas, no epígrafe correspondente que habilite para a urbanización, construción e promoción inmobiliaria.
- Certificado do administrador da sociedade acreditativo de que os bens non figuran no inmovilizado da empresa xunto coa copia do balance a 31 de decembro presente perante o Rexistro Mercantil.

Para os efectos do previsto no artigo 73.4 do Real Decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais, será incompatible o goce desta bonificación co de calquera outra.

Terán dereito a unha bonificación de ata o 50% na cota íntegra do imposto aqueles suxeitos pasivos que teñan a condición de titulares de familia numerosa, respecto á vivenda que constituía a súa residencia habitual, entendéndose como tal aquela na que figuren empadroados os membros da



familia numerosa.

A porcentaxe de bonificación aplicable variará en función do número de fillos comprendidos no título de familia numerosa, segundo o seguinte cadro:

NÚMERO DE FILLOS	PORCENTAXE DE BONIFICACIÓN
Ata 3 fillos	40%
4 ou 5 fillos	45%
6 ou máis fillos	50%

A bonificación será de aplicación ós exercicios económicos nos que na data de percepción estivera en vigor o título de familia numerosa achegado polo interesado.

Este beneficio, que ten carácter rogado, concederase cando proceda, a instancia de parte. Debe solicitarse cando se obteña o título de familia numerosa e cada que vez que se proceda á súa renovación.

A petición deberá formalizarse antes do 31 de xaneiro do exercicio seguinte á data da obtención ou renovación do título de familia numerosa. Coa súa petición, o suxeito pasivo deberá achega-la seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do título de familia numerosa.
- Certificado de empadramento dos membros da familia numerosa.

O goce desta bonificación será compatible coa bonificación para vivendas de protección oficial previstas no artigo 73.2 do R.D. lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei de facendas locais.

Artigo 6º.- Cota tributaria

A cota íntegra deste imposto será o resultado de aplicarlle á base liquidable os seguintes tipos de gravame:

- a) Para os bens inmobles de natureza urbana, o 0,40%.
- b) Para os bens inmobles de natureza rústica, o 0,30%.
- c) Para os bens inmobles de características especiais, o 1,30%.
- d) De conformidade co establecido no apartado 4º do artigo 72 do R.D. lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, fíxase o tipo do imposto no 1,1% para aqueles inmobles de natureza urbana, cun uso, segundo a clasificación dada polo centro



de xestión catastral, que sexa: C (comercial); Y (sanidade), R (relixioso), e con valor catastral que sexa superior a seiscentos mil euros (600.000,00 €).

Artigo 7º.- Período impositivo e aplicación do imposto

- 1.- O imposto percibirase o primeiro día do período impositivo.
- 2.- O período impositivo coincide co ano natural.
- 3.- Os feitos, actos e negocios que deban ser obxecto de declaración ante o catastro inmobiliario terán efectividade, na aplicación deste imposto, inmediatamente posterior ó momento no que produzan efectos catastrais. A efectividade das inscricións catastrais resultantes dos procedementos de valoración colectiva e de determinación do valor catastral dos bens inmoables de características especiais coincidirá coa prevista nas normas reguladoras do catastro inmobiliario.

Artigo 8º.- Fraccionamento da débeda

Establécese o fraccionamento do pago do imposto cando a cota esixida sexa igual ou superior a douscentos euros (200,00 €), mediante a emisión de dous recibos anuais, e sendo requisito imprescindible para levar a cabo este fraccionamento que os recibos estean domiciliados.

Artigo 9º.- Xestión do imposto

- 1.- A liquidación e recadación, así como a revisión dos actos ditados en vía de xestión tributaria deste imposto, serán competencia exclusiva dos concellos, salvo delegación en forma no organismo competente e comprenderá as funcións de recoñecemento denegación de exencións e bonificacións, realización das liquidacións conducentes á determinación das débedas tributarias, emisión dos documentos de cobro, resolución dos expedientes de devolución de ingresos indebidos, resolución dos recursos que se interpoñan contra os ditos actos e actuacións para a existencia e información ó contribuínte.
- 2.- A xestión catastral é competencia exclusiva da administración catastral do Estado na forma prevista nas disposicións legais.
- 3.- De conformidade coa prerrogativa outorgada polo apartado 2º do artigo 77 do R.D. lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, os recibos correspondentes a un mesmo suxeito pasivo polo imposto sobre bens inmoables e natureza rústica agruparanse nun único documento de cobro, sempre que isto sexa posible, cando se refiran a bens que radiquen nun mesmo municipio.

Artigo 10º.- Cuestións non previstas nesta ordenanza





CONCELLO DE BARBADÁS

En canto non contradiga ou non estea previsto na presente ordenanza, ateranse ás normas contidas na Lei 39/1988, do 28 de decembro, e na súa redacción dada pola Lei 51/2002, do 27 de decembro, reguladora das facendas locais, no R.D. lex. 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais e o disposto na Lei 48/2002, do 23 de decembro, do catastro inmobiliario.

Disposición final

A presente ordenanza fiscal entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

Barbadás, 22 de setembro de 2014.

O alcalde

José Manuel Freire Couto

